



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

MEMORIA DE XESTIÓN 2021



Contido

| | |
|--|-----------|
| XUNTA DE GOBERNO | 3 |
| COMPOSICIÓN E SESIÓNS | 3 |
| COMISIÓN EXECUTIVA | 3 |
| XUNTAS DIRECTIVAS | 4 |
| REPRESENTANTES NOUTROS ORGANISMOS | 5 |
| XUNTAS XERAIS | 7 |
| ORDINARIAS | 7 |
| CONTRATOS E CONVENIOS | 9 |
| SECRETARÍA | 11 |
| ALTAS E BAIXAS | 12 |
| RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL | 13 |
| RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO | 13 |
| ÁREA TÉCNICA | 15 |
| TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS: VISADO E REXISTRO | 15 |
| ASESORAMENTO | 17 |
| ÁREA DE INFORMÁTICA | 18 |
| COMISIÓN DE CONCURSOS, CONVENIOS E COMUNICACIÓN | 21 |
| COMISIÓN DE COMUNICACIÓN | 26 |
| COMISIÓN DE FORMACIÓN | 29 |
| COMISION DE CULTURA, PUBLICACIÓNS E SOCIEDADE | 38 |
| PROXECTOTERRA | 39 |
| GRUPO DE TRABALLO ASUNTOS DE XENERO | 42 |
| COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA | 45 |
| SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS | 47 |
| AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES | 52 |
| DELEGACIÓNS | 55 |
| DELEGACIÓN DE A CORUÑA | 56 |
| DELEGACIÓN DE LUGO | 59 |
| DELEGACIÓN DE OURENSE | 62 |
| DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA | 64 |



| | |
|---|-----------|
| DELEGACIÓN DE VIGO | 67 |
| DELEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | 69 |
| DELEGACIÓN DE FERROL | 73 |

XUNTA DE GOBERNO

COMPOSICIÓN E SESIÓNS

Durante o exercicio de 2021, a composición da Xunta de Goberno foi a seguinte:

DECANA-PRESIDENTA / ELENA AMPUDIA AIXENDRI
TESOUREIRA-CONTADORA / ALICIA ROMANÍ BÓVEDA
SECRETARIA / ELVIRA CARREGADO PAZOS
VOGAL / EMMA NORIEGA GARCÍA
VOGAL / ANA ISABEL COUTO PÉREZ
VOGAL / RAMÓN MONTERO CEREIJO
VOGAL A CORUÑA / CLARA GONZÁLEZ GIL
VOGAL VIGO / ANTONIO DAVILA ALONSO
PRESIDENTE A CORUÑA / ROBERTO COSTAS PÉREZ
PRESIDENTE LUGO / CARMEN FIGUEIRAS LORENZO
PRESIDENTE OURENSE / RAFAEL CASTRO ARMESTO
PRESIDENTE PONTEVEDRA / ANSELMO VILLANUEVA PEÓN
PRESIDENTE VIGO / MANUEL MARTÍNEZ CARAZO
PRESIDENTA SANTIAGO / ANGEL CID CARBALLO
PRESIDENTE FERROL / CARMEN PÉREZ PARAPAR

A Xunta de Goberno celebrou 15 reunións no transcurso do ano 2021.

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno ata o 31 de marzo de 2021 estivo formada por:

- Decana, Tesoureira, Secretaria, a vogal Dona Ana Isabel Couto Pérez e o Presidente da delegación de Ourensea, Don Rafael Castro Armesto.

Entre o 1 de abril e o 30 de setembro estivo formada por:

- Decana, Tesoureira, Secretaria, o vogal D. Ramón Montero Cereijo e a Presidenta da Delegación de Lugo, Dona Carmen Figueiras Lorenzo,

Entre o 1 de xullo e o 30 de setembro estivo formada por:

- Decana, Tesoureira, Secretaria, o vogal Don Ramón Montero Cereijo e o Presidenta da Delegación de Pontevedra, D. Anselmo Villanueva Peón.

Entre o 1 de outubro e o 31 de decembro estivo formada por:

- Decana, Tesoureira, Secretaria, o vogal Don Ramón Montero Cereijo e o Presidenta da Delegación de Vigo, D. Manuel Martínez Carazo.

XUNTAS DIRECTIVAS

Durante o exercicio de 2021, a composición das Xuntas Directivas foi a seguinte:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Roberto Costas Pérez.
Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández.
Tesoureira: Dona Julia Álvarez García.

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidenta: Dona Carmen Figueiras Lorenzo
Secretario: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Tesoureira: Dona Mónica Folgueira Cobas.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. Rafael Castro Armesto.
Secretario: D. Abel Mares González
Tesoureira: Dona Marta Feijoo Gil.

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Anselmo Villanueva Peón.
Secretaria: Dona María Luisa Pierres López.
Tesoureiro: D. Carlos Berride Abalo

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Manuel Martínez Carazo.
Secretaria: Dona María Mariño de Oya
Tesoureira: Dona Sonia M^a Alvarado Peitieiros

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidente: D. Ángel Cid Carballo
Secretaria: Dna Susana Rodríguez Carballido.
Tesoureira: Dona Carmen Rey López.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidenta: Dona Carmen Pérez Parapar.
Secretario: Dona M^a de la Concepción Laborda Alberto.
Tesoureiro: D. José Manuel López Leira.



REPRESENTANTES NOUTROS ORGANISMOS

Permanentes

| ORGANISMO | DESIGNACIÓN | REPRESENTANTE |
|--|------------------------------------|--|
| Representante no Pleno do CSCAE Representante Padroado Fundación Docomomo Representante titular na Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia Membro Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia Membro do Consello executivo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística Membro do Consello do Observatorio da Vivenda de Galicia | Pola súa condición de Decana | Dona Elena Ampudia Aixendri |
| Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | D. Pablo Costa Buján (Titular) Dona Carmen Rey López (Suplente) |
| Comisión BIM do CSCAE | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | D. José Antonio Vázquez Rodríguez |
| Comisión Mixta de Seguimento do Convenio de Colaboración coa Universidade da Coruña para xestión delegada de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | Dona Clara González Gil D. Roberto Costas Pérez |
| Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal do Concello de Cambados | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | D. Anselmo Villanueva Peón |
| Coordinación da Agenda de Arquitectura CSCAE | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | Dona Elvira Carregado Pazos |
| “Foro Liceo” de Ourense | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | D. Alberto de Paula Prieto |
| Mesa pola mobilidade sostible da Coruña | Acordo da Xunta de Goberno 16/2019 | D. Roberto Costas Pérez (Titular) D. Óscar Pedrós Fernández (Suplente) |
| Observatorio da Vivenda de Galicia | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | Rafael Castro Armesto (sección “Financiamento e Intermediación inmobiliaria”) D. Angel Cid Carballo (sección “Técnica e de calidade”) Dona Clara González Gil (sección “Social”) |
| Representante ante a “Unión de Agrupaciones de Arquitectos al Servicio de las Administraciones Públicas” | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | Dona Elvira Carregado Pazos |
| Unión de Agrupaciones de Arquitectos Urbanistas de España | Acordo da Xunta de Goberno 9/2021 | Dona Ana Isabel Couto Pérez |
| Representante na Comisión Superior de Urbanismo de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | Dona Ana Isabel Couto Pérez |
| Representante na Comisión Técnica da Fundación Docomomo | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | D. Fernando Agrasar Quiroga |
| Responsable da rede de asuntos de xénero do CSCAE, en representación do COAG | Acordo da Xunta de Goberno 12/2019 | Dona Elvira Carregado Pazos |
| Xurado de Expropiación de Galicia | Acordo da Xunta de Goberno 13/2019 | D. José Manuel Alonso Velasco (Titular) D. Alberto de Paula Prieto (Suplente) |



Puntuais

- Representantes da Xunta de Goberno na Asemblea xeral ordinaria do CSCAE, celebrada en Madrid o 26 de novembro. Conforme ao acordo da Xunta de Goberno 3/2021 de 8 de abril, foron designados representantes na Asemblea Xeral ordinaria do CSCAE os seguintes membros das Xunta de Goberno:
 - o Dona Elena Ampudia Aixendri, Decana.
 - o Dona Elvira Carregado Pazos, Secretaria.
 - o Dona Alicia Romaní Bóveda, Tesoureira.
 - o Dona Clara González Gil, Vogal pola Delegación da Coruña.
 - o Dona Ana Isabel Couto Pérez, Vogal.
 - o D. Ramón Montero Cereijo, Vogal.
 - o D. Rafael Castro Armesto, Presidente Delegación de Ourense.
 - o D. Anselmo Villanueva Peón, Presidente Delegación De Pontevedra.
 - o D. Manuel Martínez Carazo, Presidente Delegación Vigo.
 - o D. Ángel Cid Carballo, Presidente Delegación Santiago.
 - o Dona Carmen Pérez Parapar, Presidenta Delegación De Ferrol.

XUNTAS XERAIS

ORDINARIAS

Xunta Xeral ordinaria de 27/05/2021

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 27 de maio, tratouse a seguinte orde do día:

- 1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTAS XERAIS PENDENTES.
- 2º.- INFORME DA ILMA. SR. DECANA.
- 3º.- INFORME DA SRA. SECRETARIA.
- 4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2020.
- 5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2020.
- 6º.- ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

PUNTO 1º LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTAS XERAIS PENDENTES.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor: 63
En contra: 0
Abstencións: 1
Non votan: 5
Total votos: 69

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

PUNTO 3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2020.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor: 65
En contra: 0
Abstencións: 4
Non votan: 6
Total votos: 75

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

PUNTO 4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2020.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor: 68
En contra: 0
Abstencións: 2
Non Votan: 7
Total votos: 77

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

Xunta Xeral ordinaria de 22/12/2020

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 17 de decembro, tratouse a seguinte orde do día:

- PUNTO 1º APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.
- PUNTO 2º INFORME SOBRE AS ALTAS, BAIXAS, FALECEMENTOS, COLEXIADOS DE HONRA E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2021.
- PUNTO 3º LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2022, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, QUE INCLÚE A PROPOSTA DE COTAS E SERVIZOS COLEXIAIS PARA DITO EXERCICIO.
- PUNTO 4º. INFORME DA SRA. SECRETARIA.
- PUNTO 5º INFORME DA ILMA. SRA. DECANA-PRESIDENTA.
- PUNTO 6º ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

- PUNTO 1º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor (44)

Abstencións (8)

Non votan (9)

Total votos: 68

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.

- punto 3º LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2022, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, QUE INCLÚE A PROPOSTA DE COTAS E SERVIZOS COLEXIAIS PARA DITO EXERCICIO

Votos a favor (40)

En contra (18)

Abstencións (2)

Non votan (8)

Total votos: 68

En consecuencia, dáse por aprobado o punto.



CONTRATOS E CONVENIOS

| | |
|---|--|
| 15/02/2021 | |
| ABANCA | Convenio de colaboración que establece condicións especiais na contratación de produtos e servizos da entidade financeira para os/as colexiados/as. |
| 15/02/2021 | |
| Atelier Isabel Suarez S.L.U | Contrato de arrendamento para uso distinto de vivanda do local comercial emprazado na pranta semisótano da “Casa de la Conga”. |
| 03/03/2021 | |
| Escola Galega de Admnsitracion Publica | Convenio para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgacion e investigación |
| 16/03/2021 | |
| Tejas Vereas, S.A.U. | Convenio de colaboración para facer unha convocatoria e premio obras ou solucións destacadas en cubertas feitas con tellas cerámicas Vereas |
| 23/03/2021 | |
| Concello de Bueu | Convenio de colaboración para a convocatoria dun concurso de ideas que permitirá revitalizar e mellorar as condicións de vida do barrio mariñeiro da Banda do Río |
| 06/04/2021 | |
| E&V GALICIA S.L. | Contrato de arrendamento asinado local en Delegación de Vigo (local comercial nº 2) |
| 23/04/2021 | |
| Concello de Ribeira | Convenio de colaboración para a interoperabilidade entre o procedemento de tramitación de traballos profesionais do COAG e o procedemento de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas. |
| 27/04/2021 | |
| Conselleria do Mar - Portos de Galicia - Concello de Sanxenxo | Convenio colaboración para a remodelación e ampliación dos terreos que ocupa o porto de Portonovo, no Concello de Sanxenxo |
| 01/06/2021 | |
| Heredeiro de D. Andres Fernandez-Albalat Lois | Contrato de licencia para a utilización/reproducción do material do arquivo de D. Andrés Fernández-Albalat Lois |
| 21/06/2021 | |
| Concello das Pontes de García Rodríguez | Modificación do Convenio de colaboración para a convocatoria dun concurso de ideas con intervención de Xurado para mellorar as condicións de urbanización praza publica |
| 29/06/2021 | |
| Universidad da Coruña | Convenio de colaboración en relación co Máster BIM (Título propio da UDC) (referencia 431/2021) |
| 06/07/2021 | |
| Tejas Vereas, S.A.U. | Contrato de patrocinio dos XIX Premios COAG de arquitectura |
| | |



| | |
|---|---|
| 14/07/2021 | |
| IMELGA | Convenio de colaboración para a convocatoria dun Concurso de Ideas para a construción da nova Sede do IMELGA en Santiago de Compostela |
| 21/07/2021 | |
| Concello de Vigo | Convenio de colaboración para dar a coñecer a figura do arquitecto Michel Pacewicz, arquitecto do que se cumpren 100 anos da súa morte |
| 29/07/2021 | |
| Exlabesa Architecture | Contrato de patrocinio dos XIX Premios COAG de arquitectura |
| 30/07/2021 | |
| Colectivo Noz, SLP | Contrato de prestación de servizos para a realización de traballos vinculados á actualización das fichas de servidumes e límites de dominio |
| 23/08/2021 | |
| Fundación Laboal de la Construcción de Galicia | Contrato de patrocinio dos XIX Premios COAG de arquitectura |
| 30/08/2021 | |
| Construcciones Ramirez, S.L. | Contrato de patrocinio dos XIX Premios COAG de arquitectura |
| 03/09/2021 | |
| Rodiñas Pretensados, S.L. | Contrato de patrocinio dos XIX Premios COAG de arquitectura |
| 06/09/2021 | |
| Extrusionados de Galicia, S.A.U. | Contrato de patrocinio dos XIX Premios COAG de arquitectura |
| 09/09/2021 | |
| Rebeca Juncal Roselas | Contrato de arrendamento de servizos para realizar a edición de vídeos para la gala de presentación dos XIX Premios COAG 2021 |
| 09/09/2021 | |
| Aluminios Cortizo, S.A.U. | Contrato de patrocinio dos XIX Premios COAG de arquitectura |
| 30/09/2021 | |
| Universidade de Santiago de Compostela | Contrato menor para o asesoramento e colaboración na convocatoria dun concurso de proxectos, con intervención de xurado, a nivel de anteprojectos, para o novo Centro de Ciencias da Saúde da Cidade da Saúde en Santiago de Compostela |
| 25/10/2021 | |
| Fundación Arquia | Convenio de colaboración en relación co programa de reactivación profesional |
| 17/12/2021 | |
| Carlos Castro y asociados, S.L. | Contrato para a prestación dos servizos de asesoramento e asistencia nos ámbitos laboral e fiscal. |
| 29/12/2021 | |
| Vía Láctea comunicación, S.L. | Contrato de servizos Profesionais de Gabinete de Comunicación |

SECRETARÍA

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcáronse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 15 actas, correspondentes a 15 sesións de Xunta de Goberno.
- Convocatoria, elaboración e envío de documentación, e control de asistencia e votacións das actas correspondentes ás Xuntas Xerais ordinaria de 27 de maio e ordinaria de 22 de decembro.
- Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva. O total de sociedades de alta e activas é de 224.
- Execución dos acordos recaídos nas sesións de Xunta de Goberno e Xuntas Xerais.
- Tramitación de 274 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:
 - 120 altas de colexiados residentes
 - 59 baixas de colexiados residentes
 - 95 altas de colexiados de outros Colexios de Arquitectos que exercen en Galicia.
- Rexistro, distribución e arquivo de documentos (entradas e saídas)
- Servizos administrativos á Asesoría xurídica e resto de comisións e agrupacións colexiais.
- Convocatoria, xestión da documentación e seguimento da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do Colexio, xunto coa convocatoria para o ano 2021 das listas dos membros da Agrupación e das listas dos arquitectos dispostos a actuar como peritos perante os órganos xudiciais, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Axencia Tributaria Galega e ao Colexio Notarial de Galicia. Tamén se xestionou a convocatoria da lista de peritos para a "Prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza de Galicia", xestionando a xestión da designación como peritos de 15 colexiados inscritos nesa lista.
- Por último, durante o 2021 tramitáronse os seguintes procesos de selección e bolsas de emprego:
 - Proceso de selección para a contratación da realización de traballos vinculados á actualización das fichas de servidumes e límites de dominio
 - Convocatoria para a selección de COLEXIADO/A COLABORADOR/A para dar apoio nas accións culturais que se celebren na delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, organizadas pola súa Xunta Directiva.
 - Convocatoria para a selección de COLEXIADO/A COLABORADOR/A para dar apoio nas accións culturais que se celebren na delegación de Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, organizadas pola súa Xunta Directiva.



ALTAS E BAIXAS

COLEXIADOS:

ALTAS

BAIXAS

CAMBIOS
RESIDENCIA

TOTAL COLEXIADOS

| Delegación | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Total | Homes | Mulleres |
|---------------|------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|-------------|-------------|------------|
| A Coruña | 43 | 21 | 22 | 25 | 10 | 13 | 1 | 1050 | 699 | 351 |
| Lugo | 6 | 3 | 3 | 3 | 2 | 1 | | 263 | 165 | 98 |
| Ourense | 12 | 6 | 6 | 6 | 5 | 1 | | 270 | 174 | 96 |
| Pontevedra | 14 | 5 | 9 | 5 | 4 | 1 | 2 | 319 | 215 | 104 |
| Vigo | 16 | 6 | 10 | 8 | 4 | 4 | 2 | 585 | 403 | 182 |
| Santiago | 22 | 12 | 10 | 9 | 5 | 4 | 1 | 326 | 222 | 104 |
| Ferrol | 7 | 3 | 4 | 3 | 2 | 1 | 1 | 123 | 75 | 48 |
| TOTAIS | 120 | 56 | 64 | 59 | 32 | 25 | 7 | 2936 | 1953 | 980 |

SOCIEDADES PROFESIONAIS

ALTAS

| DELEGACIÓN | Nº |
|------------|----|
| A Coruña | 4 |
| Lugo | |
| Ourense | 2 |
| Pontevedra | 1 |
| Vigo | 2 |
| Santiago | |
| Ferrol | |

TOTAL: 10

BAIXAS

| DELEGACIÓN | Nº |
|------------|----|
| A Coruña | |
| Lugo | |
| Ourense | 1 |
| Pontevedra | 1 |
| Vigo | |
| Santiago | 1 |
| Ferrol | |

2

TOTAL SOCIEDADES

| DELEGACIÓN | Nº |
|------------|----|
| A Coruña | 93 |
| Lugo | 22 |
| Ourense | 18 |
| Pontevedra | 24 |
| Vigo | 41 |
| Santiago | 22 |
| Ferrol | 4 |

224

Colexiados falecidos en 2021: 7

| | |
|------|---------------------------------|
| 330 | CARLOS FERNANDEZ-MORAIS Y LOPEZ |
| 456 | MANUEL CASTRO VILA |
| 1252 | MANUEL URBANO BARRIO Y MOURE |
| 2123 | TOMAS RIVAS LLAVERO |
| 3863 | LOURDES MARIA FRANCO MARTINEZ |
| 4102 | ALEJANDRO JOSÉ GIROLA ODERDA |
| 4322 | PABLO MUÑIZ ALONSO |

| |
|--------------------------|
| DELEGACIÓN DE VIGO |
| DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA |
| DELEGACIÓN DE LUGO |
| DELEGACIÓN DE SANTIAGO |
| DELEGACIÓN DE SANTIAGO |
| DELEGACION DE OURENSE |
| DELEGACION DE OURENSE |

Colexiados de honra 2021: 6

| | |
|-----|--------------------------------|
| 96 | GARAYZABAL ENJUTO, LUIS |
| 99 | ORTIZ ARCE DE LA FUENTE, DAVID |
| 100 | GONZALEZ-CEBRIAN TELLO, JOSE |
| 101 | NOGUERA GARCIA, DANIEL |
| 103 | PEREIRO ALONSO, JOSE LUIS |
| 104 | CASABELLA LOPEZ, XOSE MANUEL |


| |
|------------------------|
| DELEGACION DE OURENSE |
| DELEGACION DE OURENSE |
| DELEGACION DE A CORUÑA |
| DELEGACIÓN DE SANTIAGO |
| DELEGACIÓN DE SANTIAGO |
| DELEGACION DE A CORUÑA |

RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

A 31 de decembro de 2021 o capital humano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia componse de 21 traballadores en plantilla con contrato indefinido. Dos cales 1 corresponde a persoal de limpeza, polo que os 20 restantes desenvolven toda a actividade e prestan os servizos que a organización ofrece.

Conforme ao anterior, a 31 de decembro de 2021 o persoal distribúese segundo o seguinte gráfico:

Traballadores/as por área/servicio



Persoal por centro de traballo e área_31/12/2021

| OFICINAS CENTRAIS | | 9 |
|--|------------------------------|---|
| José Luis Baltasar Hormigos | Área de Secretaría (1) | |
| María Esperanza Malvido Pose | Asesoría Xurídica (1) | |
| Jose Manuel Torres Ferreiro Manuel Ángel da Cruz Blanco Manuel Dapena Sieiro | Área de Informática (3) | |
| Rocío Lamas Pérez-Cepeda | Área Técnica (Formación) (1) | |
| María Teresa Cambón Cundíns Mikel Capeáns Pensado | Área de Finanzas (2) | |
| Manuel García Pita | Comunicación (1) | |

| DELEGACIÓN DE LUGO | | 2 |
|-----------------------|--------------|---|
| Cristina López Eimil | Área Técnica | |
| Álvaro Sánchez Rábade | | |

| DELEGACIÓN DE OURENSE | | 1 |
|------------------------|--------------|---|
| Manuela Rodríguez Ojea | Área Técnica | |

| DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA | | 1 |
|--------------------------|-------------|---|
| Alberto Escobar Molinero | Deontoloxía | |

| DELEGACIÓN DE VIGO | | 2 |
|-----------------------------|--------------|---|
| Anxo de la Puente Fernández | Área Técnica | |
| Esther Hernández Pérez | | |

| DELEGACIÓN DE A CORUÑA | | 4 |
|--|--------------|---|
| Antonio Freire Romero Pedro Díaz Sanjurjo Anxa Otero Erias | Área Técnica | |
| María del Carmen Pérez Ponte | Limpeza | |

| DELEGACIÓN DE SANTIAGO | | 1 |
|------------------------------|--------------|---|
| Enrique Urdiales de Santiago | Área Técnica | |

| DELEGACIÓN DE FERROL | | 1 |
|----------------------|--------------|---|
| Eduardo Alonso Lois | Área Técnica | |

RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO

RETRIBUCIÓN ANUAL FIXA.

Durante o ano 2021 seguíronse aplicando as mesmas retribucións para os membros de Xunta de Goberno e das Xuntas Directivas:

- Os cargos de Decana, Secretaria e Tesoureira da Xunta de Goberno tiveron una retribución fixa anual que ascende a:

| Cargo | Retribución |
|--------------|--------------------|
| Decana | 24.000,00 € |
| Secretaria | 17.000,00 € |
| Tesoureira | 17.000,00 € |
| Total | 58.000,00 € |

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno terán unha retribución fixa anual que ascende a:

| Cargo | Retribución |
|-----------------------|--------------------|
| Vogal | 6.600,00 € |
| Total 5 vogais | 33.000,00 € |

- As Xuntas Directivas terán unha retribución conxunta e fixa anual de:

| Delegación | Retribución |
|--------------------------------|--------------------|
| Xunta Directiva A Coruña | 22.000,00 € |
| Xunta Directiva Lugo | 19.000,00 € |
| Xunta Directiva Ourense | 19.000,00 € |
| Xunta Directiva Pontevedra | 19.000,00 € |
| Xunta Directiva Vigo | 22.000,00 € |
| Xunta Directiva Santiago | 19.000,00 € |
| Xunta Directiva Ferrol | 19.000,00 € |
| Total Xuntas Directivas | 139.000,00€ |

A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente, ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Establécese un importe fixo de 25 euros por día e asistente en concepto de manutención para a asistencia a xuntas de goberno.

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do seu cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.

Compensación de gastos.

Na compensación de gastos se cubriron exclusivamente os gastos nos que se incorrera con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,19 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

ÁREA TÉCNICA

A Área Técnica ten como misións esenciais:

- Supervisión da tramitación de traballos profesionais: visado, rexistro, visado interterritorial
- Asesoramento aos Colexiados mediante a plataforma web de consultas, atención telefónica e atención presencial: Urbanismo, Edificación, Tramitación (xeral), Tramitación de expedientes
- Atención presencial e telefónica para o público en xeral
- Mantemento da web: utilidades profesionais, normativa técnica, novidades de planeamento e outra normativa de interese

A adicación a estas tarefas detállase máis adiante, mais cómpre subliñar a labor de colaboración con outros departamentos colexiais que quedan reflectidos nos apartados específicos da Memoria de Xestión:

- Decanato: asesoramento en propostas técnicas do CSCAE
- Tesourería e Departamento de Informática: análises para a elaboración dos orzamentos no relativo a ingresos por tramitación de traballos profesionais
- Xunta de Goberno, Comisións e Xuntas de Delegación: elaboración de Convenios coas Administracións, asesoramento e outras tarefas
- Comisión de Visado: mantemento da Guía de tramitación e mailo seu catálogo así como asesoramento puntual en temas de interpretación
- Formación: xestión de cursos e charlas formativas ademais de impartir os cursos de práctica profesional e elaboración de proxectos
- Departamento de Informática: seguimento e actualización das aplicacións de tramitación de traballos profesionais: COAG-Estudo, COAG-Xestión, COAG-Estudo web, Ferramenta web da Guía de tramitación
- Departamento Xurídico e Secretaría Colexial: elaboración de suxestións, alegacións e recursos a proxectos normativos (locais, autonómicos e, mediante o CSCAE, estatais) e concursos de licitación pública (das administracións locais e autonómica)

TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS: VISADO E REXISTRO

Mantense parello ao 2020 a distribución por tipo de expediente, na que dous tercios corresponden a obras de edificación e coas que se chega case ao 90% da complexidade tramitada. Dende o ano 2016, no que se implantou a Guía de tramitación, as obras de edificación van gañando peso no mix colexial, pasando do 57% dos expedientes ao actual 67%, ao tempo que se afianzan as obras ordinarias, perden peso as peritaxes e as demolicións, planeamento e urbanización pasan a testimoniais, cando non irrelevantes.

Do número de traballos tramitados, a relación visado/registro segue a ser abrumadoramente a favor do visado, en torno ao dobre.

A diferenza co exercicio anterior é de volume. O número de traballos profesionais incrementouse algo máis do 7% respecto do exercicio anterior, mais a complexidade incrementouse case nun 27% e os ingresos case un 26%. Isto implica non só un forte incremento de trabllos en plena crise covid, senón que, ligado co mix colexial, as encomendas se corresponden con proxectos de maior entidade.

expedientes

2021

complexidade



expedientes

2020

complexidade



expedientes

2016

complexidade



| Ano | Tramitación | Registro | | | Visado | | | Total |
|-------|--------------|----------|------------|--------|-----------|------------|-----------|-----------|
| | | Novo | Modificado | Total | Novo | Modificado | Total | |
| 2021 | Nº traballos | 6.683 | 300 | 6.983 | 12.639 | 2.687 | 15.326 | 22.309 |
| | Complexidade | 55.910 | 3.000 | 58.910 | 2.198.167 | 124.071 | 2.322.238 | 2.381.148 |
| 2020 | Nº traballos | 6.556 | 249 | 6.805 | 11.419 | 2.538 | 13.957 | 20.762 |
| | Complexidade | 53.665 | 2.480 | 56.145 | 1.718.922 | 104.287 | 1.823.209 | 1.879.354 |
| 21/20 | Nº traballos | +1,94% | +20,48% | +2,62% | +10,68% | +5,87% | +9,81% | +7,45% |
| | Complexidade | +4,18% | +20,97% | +4,92% | +27,88% | +18,97% | +27,37% | +26,70% |

| Ano | xan | feb | mar | abr | mai | xun | xjul | ago | stp | outt | nov | dec | Total |
|-------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|-----------|
| 2021 | 110.176 | 125.524 | 152.459 | 165.049 | 176.845 | 182.664 | 166.616 | 159.085 | 161.465 | 164.226 | 160.341 | 193.139 | 1.917.589 |
| 2020 | 114.119 | 112.605 | 125.754 | 89.834 | 127.605 | 127.730 | 151.772 | 134.593 | 135.134 | 121.771 | 125.834 | 158.322 | 1.525.075 |
| 21/20 | -3,46% | 11,47% | 21,24% | 83,73% | 38,59% | 43,01% | 9,78% | 18,20% | 19,49% | 34,86% | 27,42% | 21,99% | +25,74% |

ASESORAMENTO

Respecto do ano anterior, as consultas vía plataforma web deceméntanse un 9%, mais de xeito moi desigual. Sobre edificación e urbanismo increméntanse notablemente -un 16% e 19% respectivamente- mentres que igualmente notable é a caída das consultas sobre tramitación -un 22% as de índole xeral e un 14% as relacionadas con expedientes concretos. Enténdese que este incremento de consultas en edificación e urbanismo está directamente ligado ao incremento das encomendas e maila súa entidade como se comentou no apartado anterior. Por outra banda, o decremento nas consultas sobre tramitación enténdese motivado tamén polo incremento de traballo, que converte a tramitación en máis habitual e controlada.

Respecto dos tempos de resposta, como xa se comenta noutros anos, estase nun prazo tan axustado que calquera lene variación temporal supón unha variación importante. Así, o prazo de resposta incrementouse nun 23%, o que non ten significación real, pois séguese a respostar no prazo dun día, hora máis, hora menos.

| Ano | 2021 | | 2020 | | Δ 2021/2020 | |
|-------------------------|--------------|-------------|--------------|-------------|-------------|-------------|
| | número | días | número | días | número | días |
| Edificación | 533 | 1,30 | 461 | 1,22 | +16% | +7% |
| Urbanismo | 164 | 2,00 | 138 | 1,63 | +19% | +23% |
| Tramitación Xeral | 538 | 1,00 | 694 | 0,93 | -22% | +8% |
| Tramitación Expedientes | 967 | 1,10 | 1.121 | 0,81 | -14% | +36% |
| Total | 2.202 | 1,19 | 2.414 | 0,97 | -9% | +23% |

ÁREA DE INFORMÁTICA

Introdución

A continuación descríbense esquematicamente os principais traballos realizados pola Área de Informática no ano 2021. Nesta exposición non se inclúen as tarefas de mantemento e soporte de sistemas ou aplicacións, así como as actividades ou traballos ordinarios de soporte e atención a áreas/usuarios internos.

Neste exercicio, os traballos estiveron de novo fortemente condicionados pola incidencia da alerta sanitaria, orientándose en boa medida, ao igual que no 2020, a garantir a continuidade dos servizos existentes (visado, asesoramento,...) e a dar soporte tecnolóxico ao aumento na provisión de outros (eventos en liña, formación on-line,...).

Tramitación de traballos profesionais

Realizáronse melloras na nova aplicación de tramitación COAGEstudioWeb, que estivo en modalidade “beta” durante 2021. Par iso, partiuse dos comentarios e suxestións dos 150 colexiados que presentaron documentación a tramitación (visado/rexistro) durante o ano, nun total de 600 expedientes.

A partires destas melloras, COAGEstudioWeb pasou a publicarse na súa primeira versión para o seu uso normalizado por parte dos colexiados. Por outra parte, fixéronse adaptacións no COAGEstudio de escritorio para garantir a compatibilidade para aqueles colexiados que desexen traballar nas dúas ferramentas, ata que a versión de escritorio deixe de ter soporte.

Nova centraliña

Cambiouse integralmente a plataforma de telefonía do COAG, que pasou dun modelo mixto voz/IP con centraliñas en propiedade, a un modelo exclusivamente IP con centraliñas online “na nube” en aluguer. Este cambio tivo como obxectivo reducir os custos, evitar a obsolescencia tecnolóxica (asumindo un periodo de vida do hardware duns 10 anos), así como evitar riscos de non dispoñibilidade do servizo de atención telefónica vinculados á ubicación física das centraliñas nos centros do COAG.

Esta nova centraliña unificada permite, ademais, a conectividade de usuario multidispositivo (teléfono físico ou virtual en PC ou móbil), o que facilita a mobilidade e o traballo en itinerancia.

Interoperabilidade coas AAPP

Durante o 2021 rematáronse os traballos coa Xunta de Galicia para que, a través do nodo neutro de interoperabilidade “pasaxe”, a Xunta poidese fornecer ás distintas AAPP galegas (concellos, consellerías, etc.) a documentación dos traballos profesionais tramitados no COAG, coa autorización dos seus autores, a fin de que esta documentación poida ser incorporada de xeito automático aos expedientes administrativos correspondentes a través dun localizador na solicitude (código de expediente e traballos). Con isto, ademais de mellorar e axilizar as xestións, evítase a problemática existente para os colexiados debida derivada dos portais de entrada da documentación nas diferentes AAPP (distintos criterios e formatos, limitacións de tamaño, do número de pdf, etc.).

A posta en marcha deste servizo abriu a posibilidade de incorporación de todos os concellos de Galicia para que estes poidan facer a descarga automatizada da documentación visada desde o portal web “pasaxe”. Ao mesmo tempo, os concellos poden integrar nos seus sistemas de xestión (eportelo, ferramentas internas de tramitación) a descarga, de xeito que o fluxo de presentación e tramitación se axiliza máis.

En paralelo, durante o 2021 normalizouse o uso do servizo de interoperabilidade directa COAG-Concello¹ por parte da maioría dos concellos que se viñan de sumar a ésta no 2020, como os 72 concellos aos que dá

¹ A substituír gradualmente polo novo servizo a través de “pasaxe”.

soporte a Deputación da Coruña ou o concello de Lugo, superándose os 1.500 traballos profesionais visados/rexistrados no COAG e descargados polas AAPP.

Traballos para a actualización do ERP

Acometéronse os traballos de desenvolvemento, seguemento e coordinación do proxecto para a actualización do ERP do COAG. O ERP é o sistema de información que dá soporte á operativa económica interna, que pasará a estar aloxado e funcional “na nube”. As principais liñas desenvolvidas foron:

- Novas integracións dos sistemas relacionados na súa parte económica co ERP: pasarelas de pagamento (cursos, libros, visado, outros,...), devengo e control do importe de tramitación de traballos profesionais (visado/rexistro), aprobación de facturas de compra polos tesoureiros, zona de consulta económica do Colexiado e descarga de facturas, sincronización automática de datos de Colexiados.
- Desenvolvementos específicos dentro do ERP: traslado das funcións automatizadas específicas do COAG, en coordinación co integrador.
- Desenvolvemento e execución das cargas de datos vinculadas á migración: mestres e saldos iniciais.
- Planificación e coordinación co integrador e a área de finanzas do COAG.

Medidas sobre seguridade da información

Nos últimos tempos véñense de incrementar de forma importante as ameazas á seguridade da información. Organizacións de todo tipo e tamaño están sendo vítimas de ataques que comprometen dun xeito moi serio a información e a dispoñibilidade dos servizos.

Neste contexto, durante 2021 leváronse a cabo unha serie de accións encamiñadas ao afortalamiento da seguridade da información, tendo en conta a especificidade do tipo e tamaño da información que se xestiona dentro dos repositorios dixitais do COAG, principalmente:

- Auditoría de seguridade interna/externa e adopción de medidas derivadas.
- Backup redundante “na nube” para información crítica (contorna de azure).
- Actualización dos mecanismos e políticas no cortalumes corporativo do COAG.
- Dotación específica de equipos para o traballo a distancia.
- Suscrición dunha póliza de seguro fronte a incidencias na seguridade da información.

Outros desenvolvementos e traballos

- **Colexiación 2022.** Configuracións e automatización da campaña de Colexiación e servizos voluntarios.
- **Premios, plataforma online.** Adaptacións das condicións de presentación e disposición e soporte da plataforma para a presentación das diferentes obras candidatas aos premios GDA2021, premiosCOAG e CSCAE2021.
- **Novo repositorio de vídeos do COAG.** Dada a cada vez maior xeneración de contido audiovisual propio no COAG (cursos, xornadas, videotutoriais,...) que se pon a disposición dos Colexiados, fíxose preciso dotarse dun repositorio cunha adecuada relación capacidade/prezo e con posibilidades de privatizar os vídeos na web do COAG e na plataforma de formación online. Optouse polo provedor “vimeo”, plataforma sobre a cal xa que se dispuxeron neste exercicio 212 gravacións procesadas, cun tamaño aproximado de 250GB.
- **Soporte á participación telemática nas Xuntas Xerais.** Incorporáronse melloras na participación por vía telemática nas Xuntas Xerais e deuse soporte á organización e desenvolvemento de estas.
- **Envío automatizado dossier de prensa.** Desenvolvéronse os traballos necesarios para o envío automatizado diario do dossier de prensa aos Colexiados suscritos.
- **Estatísticas de tramitación de traballos profesionais.** Colaborouse co CSCAE na achega das estatísticas de visado nos novos formatos establecidos.

- **Melloras na inscrición nas xornadas do COAG.** Automatízase a baixa e a inscrición automática do seguinte colexiado na lista de agarda.
- **Enquisa sobre tramitación municipal.** Automatizouse a solicitude e recepción dos datos de expedientes por parte dos colexiados titulares, en relación coa tramitación municipal das licencias e outras autorizacións.
- **Melloras na web.** Actualizouse a plataforma “Wordpress” de portal.coag.es, para incrementar a seguridade e dispúxose outro tema principal (Divi) para mellorar a edición dos contidos. Por outra parte, introduciuse a posibilidade de publicación bilíngüe dos contidos (galego/castelán).
- **Dotación de medios audiovisuais** para a celebración ordinaria das Xuntas de Goberno en modelo mixto telemático/presencial.

Espazo de recursos audiovisuais específicos para os colexiados suscritos ao servizo de formación, así como mecanismos de inscrición restrinxidos nas xornadas online correspondentes.

COMISIÓN DE CONCURSOS, CONVENIOS E COMUNICACIÓN

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos, así como realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que se consideren oportunas, ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei. Todo iso de acordo a:

- O texto consolidado da Lei estatal 2/1974 estatal de 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, e da Lei 11/2010 autonómica de 18 de setembro,
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016, e
- Os Estatutos do CSCAE, aprobados segundo o Real Decreto do Ministerio de Fomento número 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior.

Así nesta liña de actuación, con coñecemento do Decanato e da Secretaría colexial, así como co propio saber a través de Xunta de Goberno colexial de I responsable desta área, que tras as eleccións de 27 de maio de 2019, foi designado D. Antonio Davila Alonso Cristóbal (vogal de Vigo), **realizáronse as seguintes actuacións:**

A. ÁMBITO DE CONCURSOS

Neste exercicio realizáronse as seguintes accións:

- o Velar pola transparencia dos concursos convocados polas diferentes Administracións.
 - o Seguimento dos concursos que obran na plataforma de concursos públicos do CSCAE, sobre os cales o COAG estableceu convenio para ofrecelo baixo subscripción aos seus colexiados.
 - o Neste ano realizouse proposta para a colaboración colexial na convocatoria dos seguintes concursos públicos, indicando a continuación o seu estado en LETRAS MAIÚSCULAS, a 1 de marzo de 2022
- 1. Co concello das Pontes de García Rodríguez:** Concurso de ideas con intervención de xurado para mellorar as condicións de urbanización da praza pública de Barreiro. (COAG Ferrol). CONVENIO ASINADO. BASES REALIZADAS. E CONCURSO CONVOCADO E FALLADO.
 - 2. Co concello de Vilagarcía de Arousa.** Concurso de anteprojectos para a construción de piscinas descubertas na praia da Concha. CONVENIO ASINADO. BASES REALIZADAS. E CONCURSO CONVOCADO E FALLADO
 - 3. Co concello de Sanxenxo:** Concurso para a convocatoria de concurso para a construción dun novo edificio para Mercado de Abastos, aparcadoiro público e centro multiusos (COAG Pontevedra). CONVENIO ASINADO. BASES REALIZADAS. E CONCURSO CONVOCADO E FALLADO
 - 4. Coa empresa Tezas Vereá (Mesía):** Concurso-premio dirixido a arquitectos para premiar obras ou solucións destacadas en cubertas feitas con tezas cerámicas (obra nova e rehabilitación), feitas coa súa tecnoloxía. (COAG Sede). CONVENIO ASINADO. BASES REALIZADAS. E PREMIOS CONVOCADOS E FALLADOS.
 - 5. Coa Xunta de Galicia.** Concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteprojectos para a construción dunha nova sede do IMELGA en Santiago de Compostela. (COAG Sede). CONVENIO ASINADO. BASES REALIZADAS. CONCURSO CONVOCADO E FALLADO.
 - 6. Coa Universidade de Santiago. USC.** Concurso de proxectos, con intervención de xurado, a nivel de anteprojectos, para o novo centro de ciencias da saúde da cidade da saúde en



Santiago de Compostela. (COAG Sede). CONVENIO ASINADO. BASES REALIZADAS. CONCURSO CONVOCADO EN PROCESO DE FALLO

7. **Co concello de Sanxenxo e Portos de Galicia:** Concurso de ideas para a remodelación e ampliación dos terreos que ocupa o actual porto de Portonovo. Coa participación do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos. (COAG Sede). CONVENIO ASINADO. BASES REALIZADAS. E CONCURSO CONVOCADO
8. **Co concello de Bueu:** Concurso de ideas para a mellora das condicións de urbanización do barrio de Banda do Río, para contratar posteriormente o plan Director do Barrio. (COAG Pontevedra). CONVENIO ASINADO, BASES REALIZADAS. PENDENTE DA súa CONVOCATORIA
9. **Co concello de Bande:** Concurso de ideas para o ámbito das termas de Bande (COAG Ourense). CONVENIO ENVIADO. EN TRÁMITE.
10. **Co concello de Sober:** Concurso de anteprojectos, a nivel de anteprojecto, coa finalidade de conseguir a construción dun edificio para centro de interpretación do viño de Amandi. (COAG Lugo). CONVENIO ENVIADO. EN TRÁMITE
11. **Co concello de Pontevedra:** Concurso de anteprojectos coa finalidade de intervir e mellorar o contorno do río dos Gafos ao seu paso pola cidade de Pontevedra. (COAG Pontevedra). CONVENIO ENVIADO. EN FASE DE XESTIÓN DO CONTRATO DE COLABORACIÓN PARA A súa CONVOCATORIA
12. **Co concello de Baiona.** Concurso de anteprojectos para refórmaa batería militar en cabo Silleiro. (COAG Vigo). CONVENIO ENVIADO. SEN RESPOSTA
13. **Co concello de Salceda de Caselas.** Concurso de anteprojecto para casa da mocidade. (COAG Vigo). CONVENIO ENVIADO. SEN RESPOSTA
- As actividades de Intercambios territoriais de 1 día e Visitas de Arquitectura e Cidade foron adxudicadas a 33 centros educativos e 830 escolares, deberon limitarse en aforos, subdividir os grupos de asistentes e contratar máis persoal que guiara as actividades para respectar a normativa vixente e as medidas sanitarias de prevención da COVID-19, mais finalmente se puideron desenvolver con certa normalidade e mesmo permitiron detectar boas prácticas de cara á mellora na transmisión dos contidos ao alumnado en futuras convocatorias, derivadas directamente da atención a grupos máis reducidos.
- Nos últimos meses do ano desenvolvéronse as *Sementeiras*, obradoiros transdisciplinares para Educación Infantil e Primaria desenvolvidos por 11 entidades e axentes externos ao ProxectoTERRA dos ámbitos da arquitectura e da educación, que foron escollidos nun proceso de convocatoria aberta á que deberon presentar cadansúa proposta de obradoiro transdisciplinar. Os obradoiros desenvolvéronse en 40 centros educativos de Educación Infantil e Primaria con 1066 escolares, traballando directamente con elas e eles de xeito práctico e interactivo contidos sobre identidade territorial, paisaxe, medio ambiente, desenvolvemento sustentable, dereito ao hábitat, deseño de espazos educativos, arquitectura e urbanismo.

2.- Mantemento de relacións institucionais na procura de colaboración no desenvolvemento das nosas actividades:

- Xuntanzas coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), para promover e dar seguimento ás actividades en colaboración.
- Xuntanzas entre o equipo de Arquitectura sen Fronteiras responsable da coordinación e xestión das actividades do ProxectoTERRA e a decana do COAG para consensuar as liñas de actuación xa iniciadas, así como abrir outras novas de cara a continuar ampliando as accións e influencia do ProxectoTERRA nos ámbitos da arquitectura e da educación.

3.- Continuación da integración do ProxectoTERRA no Plan Proxecta+ da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coa participación de 3621 alumnas e alumnos pertencentes a 28 centros escolares de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Formación Profesional.

4.- Organización, montaxe e inauguración da *Exposición dos 20 anos de ProxectoTERRA* o 30 de abril no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, estancia da mostra durante un período de dous meses neste museo, organización de actividades didácticas para escolares de Educación Primaria e Secundaria entono a ela durante este período e desmontaxe e itinerancia á sede da Delegación do COAG de Lugo durante o verán. A mostra consistiu na exposición dunha escolla dos proxectos elaborados por todos os centros educativos ao abeiro do ProxectoTERRA durante estes vinte anos (escolleuse o traballo elaborado por 35 centros educativos de Educación Infantil, Primaria e Formación Profesional, resumido en 38 paneis expositivos), con especial fincapé no papel activo do alumnado no desenvolvemento dos proxectos acompañando á mostra con materiais elaborados directamente por el. Convite ao acto da inauguración a un grupo de profesorado moi activo e implicado nas accións do proxecto durante os últimos anos de andaina, facilitando con este encontro a reatualización e intercambio do traballo guiado por elas e eles de cara a futuras colaboracións e crecemento da calidade educativa pola que avoga o ProxectoTERRA.

5.- Continuación do proceso de revisión e actualización dos materiais e recursos baixo soporte papel e dixital, para a súa integración nas aulas a través das TIC e inicio do proceso de revisión e actualización dos contidos audiovisuais formativos e divulgativos do ProxectoTERRA.

6.- Contratación e seguimento de dúas novas guías virtuais que complementarán as visitas e os intercambios territoriais de Allariz e do Camiño de Santiago ao seu paso por Cebreiro a Samos, que actualizan as anteriores guías existentes en papel.

7.- Coorganización coa APLU dos seus obradoiros *Eu son inspector@urbanístic@. Coida do territorio, coida do teu*, previstos orixinalmente para facer presencialmente coas etapas educativas de Infantil, Primaria e Secundaria pero que se deberon adaptar á situación da pandemia para chegar aos centros en forma de contido dixital. O equipo de ProxectoTERRA adaptou os contidos da APLU ao formato requerido polas aulas virtuais dos centros, enviándoo posteriormente a estes de maneira que o profesorado puidera implementalo co alumnado autonomamente. Fixéronse chegar os contidos a 32 centros de Educación Primaria e Secundaria, para que se puideran levar ás aulas de 1916 nenas e nenos de niveis comprendidos entre 4º de Primaria e 3º de Secundaria.

8.- Oferta para o curso 2021/2022 a todos os centros educativos da actividade complementaria, elaborada pola APLU coa colaboración do ProxectoTERRA, *Eu son inspector@urbanístic@. Coida do territorio, coida do teu* a través da cal o alumnado galego coñecería a labor da APLU e reflexionaría sobre o territorio en actividades novamente presenciais guiadas por equipos de inspectoras e subinspectoras do propio organismo da APLU.

9.- Organización de catro formacións específicas dentro do Plan Anual de Formación do Profesorado, no marco das formacións relativas ao Plan Proxecta e en colaboración co Centro Autonómico de Formación e Innovación. Debido á mellora na situación da pandemia, as formacións puideron proporse para seren realizadas de novo presencialmente nas aulas do CAFI. As formacións foron:

- **Deseño de patios e espazos educativos.** Tivo lugar os días 13,14 e 28 de outubro, e 3 de novembro, a cargo dos relatores Pandora Mirabilia, Fermín Gzález. Blanco - Sistema Lupo e Miudiño S.Coop. Galega, inscribíndose 36 docentes.
- **Cartografías.** Tivo lugar os días 11,13 18 e 20 de novembro a cargo dos relatores Estudio RURBAN, Clara Megías e Arquitectura sen Fronteiras, inscribíndose 17 docentes.
- **Dereito ao Hábitat.** Tería lugar no 2º trimestre do curso escolar 21-22 a cargo de 5 relatoras de Arquitectura sen Fronteiras, e incribíranse 14 docentes.
- **A construción do territorio e da paisaxe.** Terá lugar no 3º trimestre do curso escolar 21-22 a cargo dos relatores Valerià Paül Carril e Rocío Romar Roel, e ofertarase para 25 docentes.

10.- Coordinación coa Delegación de Lugo para o envío de material do ProxectoTERRA aos centros educativos para a realización das actividades pertinentes, así coma para a xestión do material e espazo de almacenaxe e de mostra precisos para a Exposición dos 20 anos de ProxectoTERRA.

11.- Preparación do relatorio e participación do ProxectoTERRA presentando o material *PAGUS. Galicia, un país de paisaxes.* no curso de verán *Territorio Habitabile. Expresiones locales y estrategias territoriales.* da Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea, organizado polo Departamento de Medio Ambiente, Planificación Territorial y Vivienda do Goberno Vasco en colaboración cos Cursos de Verano da UPV/EHU, para a promoción das actividades da Cátedra UNESCO de *Paisajes Culturales y Patrimonio*, que fora aprazado desde o curso anterior por mor da pandemia ao verán de 2021, celebrándose en Donosti o 19 e 20 de xullo.

12.- Difusión das actividades por medio de:

- Publicación de diversos artigos en prensa galega sobre as saídas de arquitectura e cidade, os intercambios territoriais e a Exposición dos 20 anos de ProxectoTERRA, entre a cal se inclúen os medios: culturagalega, compostela24horas.com, Diario de Pontevedra, Faro de Vigo e El Progreso.
- Concesión de entrevistas por parte do equipo responsable da xestión e coordinación das actividades a Radiovoz e Cadena Ser.
- Participación nun episodio do podcast Habitanto desenvolvido por Arquitectura Sen Fronteiras Galicia, dedicado á celebración dos 20 anos de ProxectoTERRA

O financiamento do ProxectoTERRA realizouse con cargo á correspondente partida orzamentaria do COAG (22.222 €) e a cofinanciación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo xunto coa APLU (200.000 €), como resultado do convenio de colaboración plurianual 2020-2021 que garante a continuidade do proxecto e que permite manter a oferta das actividades complementarias previstas —visitas guiadas de arquitectura e cidade e intercambios territoriais— así como a ampliación da oferta a Educación Primaria.

GRUPO DE TRABAJO ASUNTOS DE XENERO

COMPOSICIÓN, RESPONSABLES:

Carmen Figueiras Lorenzo (Presidenta da Delegación de Lugo), María Pierres López (Secretaria da Delegación de Pontevedra) e Elvira Carregado Pazos (Secretaria de XG do COAG).

28 de xaneiro de 2021, reunión telemática das responsables deste grupo de traballo de xénero do COAG, xunto coa decana, María Concepción Carreiro Otero, colexiada 1168 e Cándido López González, colexiado 1181.

Asunto Denominación inclusiva do COAG.

3 de febreiro de 2021, reunión telemática grupo de traballo de xénero de CSCAE con asistencia de Elvira Carregado Pazos, a vicepresidenta primeira do CSCAE Marta Vall-Ilossera Ferrán e a tesoureira do CSCAE María José Peñalver Sánchez.

Asuntos: reactivación comisión de xénero con incorporación de novos integrantes, informe elaborado por Inés Sánchez de Madariaga relativo á situación das mulleres na arquitectura en España e resumo executivo do mesmo .

19 de febreiro de 2021, reunión telemática das responsables deste grupo de traballo de xénero do COAG Carmen Figueiras Lorenzo, María Pierres López e Elvira Carregado Pazos para tratar a proposta de cambio de nome do COAG por un máis inclusivo e global.

24 de febreiro de 2021, reunión telemática grupo de traballo de xénero de CSCAE con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asuntos tratados: Estudo de Xénero realizado por Inés Sánchez de Madariaga e a campaña de comunicación do CSCAE con vistas ás actividades do 8 de marzo.

8 de marzo de 2021, RADIO VOZ. Intervención polo 8m de Carmen Figueiras Lorenzo, Presidenta da Delegación de Lugo.

9 de marzo de 2021, COPE Galicia estudo xénero CSCAE a Elvira Carregado Pazos.

17 de marzo de 2021, Presentación revista CRITICA URBANA: Cidades para os coidados. Presentadora: - Carmen Pérez Parapar. Moderadora: - Carmen Figueiras Lorenzo. Relatoras: - Maricarmen Tapia - María Novas - Serafina Amoroso - Carolina Carreiras - Lucía Escrigas

26 de marzo de 2021, reunión telemática ACE Women in Architecture con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asuntos: Presentación e discusión do kit de ferramentas “100 cousas que podes facer para promover a equidade de xénero e a diversidade na arquitectura como xefe, como empregado, como decano, como membro da facultade, como empresario, como pai, como cidadán”. Funcionamento e financiamento do kit de ferramentas “100 Things...”.

14 de maio de 2021, reunión telemática ACE Women in Architecture con asistencia de Elvira Carregado Pazos. Asuntos: Presentación de 3 contribucións a “100 cousas que podes facer...”, clasificadas en cada un dos seguintes temas a mellorar EDI (equidade, diversidade, inclusión):

- Visibilidade/Percepción
- Redes
- Brecha Salarial (transparencia / igual salario por igual traballo)
- Cuestións de recursos humanos (recrutamento/progresión profesional/sistema de bonificación, etc.)
- Cultura de Horarios Longos
- Traballo remoto / Horario flexible
- Outro

17 de maio de 2021, reunión telemática grupo de traballo de xénero de CSCAE con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asuntos: Nova incorporación, Informe sobre convocatoria Matilde Ucelay e memoria presentada, Plan de Igualdade e Protocolo de acoso CSCAE.

21 de maio de 2021, reunión telemática UIA International Women in Architecture con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asunto; proposta de declaración da UIA sobre diversidade, equidade e inclusión na arquitectura

21 de xuño de 2021, reunión telemática grupo de traballo de xero de CSCAE con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asuntos:

1. Seminario IWA para toma de coñecemento e dar difusión
2. Petición UP para guía de liderado feminino. Propostas de mulleres pola nosa banda (Prazo 30 de xuño).
3. Proposta UP Guía de linguaxe inclusivo.
 1. Informe Comisión Europea relativo a recomendacións sobre como pechar as brechas de xénero nos sectores cultural e creativo.
4. Bienal Euskadi con bloque de xénero.
5. Guía para introducir a perspectiva de xénero na docencia de Arquitectura

25 de xuño de 2021, reunión telemática ACE Women in Architecture con asistencia de Elvira Carregado Pazos

Asuntos: Resumo da UF “Igualdade de xénero no ámbito cultural e creativo” e Presentación de estrutura / índice 100 cousas... e ideas para presentación.

30 de xullo de 2021, reunión telemática grupo de traballo de xero de CSCAE con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asunto , reunión de traballo con Inés Sánchez de Madariaga redactora do estudo de xénero.

11 de novembro de 2021, reunión telemática grupo de traballo de xénero de CSCAE con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asunto: Repasar os criterios do microsite nos temas relativos a o xénero.

10 de decembro de 2021, reunión telemática grupo de traballo de xénero de CSCAE con asistencia de Elvira Carregado Pazos.

Asunto, Revisión documento Estudo de Xénero.

[HAI MULLERES/ HAI ARQUITECTAS](#)

Publicación do boletín de #NovasDeArquitectas #NoticiasDeArquitectas durante 2021

Nº 1_2021 XANEIRO 2020. 10 de febreiro de 2020

[REDES SOCIAIS](#)

| Facebook | Twitter | Instagram |
|--|-------------------|----------------|
| 2063 persoas gústalle 2141 persoas seguen | 1.373 seguidores. | 614 seguidores |

COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA

COMPOSICIÓN:

Vocal responsable da Xunta de Goberno: Ana Isabel Couto Pérez, coa colaboración de Anselmo Villanueva (Presidente da Delegación de Pontevedra) e Emma Noriega García (Vogal da Xunta de Goberno).

MEMORIA DE XESTIÓN 2021

ANÁLISE E PREPARACIÓN DE ALEGACIÓNS Á LEXISLACIÓN EN TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA:

Revisión do **PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA A XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO.**

Revisión do **Borrador da ORDE, pola que se modifica a Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.**

Revisión e elaboración de aportacións/suxestións: **Manual “PLAN de NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA - Espazos educativos post-covid19”. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.**

Revisión e presentación de Observacións e alegacións á **Modificación Puntual do PEPRICA no artigo 86 da normativa nos ámbitos do conxunto do Museo Provincial, Pontevedra** (nº de expediente: 2021AAE2529).

Presentación de alegacións á solicitude de **concesión para ocupación de bens de dominio público marítimo terrestre para “Vial de conexión entre a Avenida de Marín e a Rúa Rosalía de Castro”, no temo municipal de Pontevedra** (nº de referencia: CNC02/20/36/0003).

Revisión do trámite de audiencia pública do **ANTEPROXECTO DE LEI ESTATAL POLO DEREITO Á VIVENDA**

Revisión, na fase de consulta pública previa, de **modificación do R.D 390/2021, sobre a revisión da figura do técnico competente para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios CEEE.**

Revisión do trámite de audiencia e información pública do **PROXECTO DE REAL DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN, APROBADO POLO REAL DECRETO 314/2006, de 17 de marzo.**

Revisión da nova **Guía de Arquitectura Corporativa** elaborada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

ACTIVIDADES:

03 de febreiro de 2021, asistencia telemática, como representante do COAG, á **COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO (CSU)**.

10 de febreiro de 2021, asistencia telemática, como representante do COAG, á **Reunión** coa **Conselleira** de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Asunto: **Edificios en zona de servidume de protección de costas**.

21 de xullo de 2021, asistencia telemática, como representante do COAG, á **COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO (CSU)**.

22 de setembro, asistencia telemática á reunión do Grupo de Traballo do Observatorio de Arquitectura do CSCAE "**GT3.2 Cidade e Territorio de Calidade. Modelos de exportación**". Última reunión do grupo de traballo centrada en pechar a fase de **VISIÓN e PROPOSTAS** deste GT.

23 de outubro, asistencia telemática á reunión do Grupo de Traballo do Observatorio de Arquitectura do CSCAE "**GT1.2 de Cidade e Territorio Xusto. Accesibilidade universal**". Última reunión do grupo de traballo centrada en pechar a fase de **MAPA E VISIÓN** deste GT.

4 de novembro de 2021, asistencia presencial, como representante do COAG, a **reunión** do Grupo de traballo "Uso de locais comerciais" do **OBSERVATORIO DA VIVENDA DE GALICIA**.

10 de novembro de 2021, asistencia presencial, como representante do COAG, á **ASAMBLEA ANUAL DA UNIÓN DE AGRUPACIÓNS DE ARQUITECTOS URBANISTAS (UAAU)**, celebrada en Barcelona.

24 de novembro de 2020, asistencia telemática, como representante do COAG, á **REUNIÓN ORDINARIA "XUNTA DIRECTIVA DA UNIÓN DE ARQUITECTOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DE ESPAÑA – UAAP"**

26 de novembro de 2021, asistencia presencial á **Asamblea Ordinaria do CSCAE**, celebrada en Madrid.

Participación como representante da Comisión de Urbanismo no **Xurado dos XIX Premios COAG**.

SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS

Este Colexio profesional está obrigado velar pola Deontoloxía profesional, según establecen e desenvolven as vixentes referencias legais seguintes:

- o A Lei estatal 2/1974 de 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, modificada expresamente pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, nos seus artigos 2, 11 e 12.
- o A Lei 11/2010 autonómica de 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, de 11 de febreiro, nolos seus artigos 10, 10 ter, 10 quater, 20 e 26.
- o Os Estatutos do Colexio de Arquitectos de Galicia aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016 de 21 de xullo, nos seus artigos 5. c); 6.3. h); 7.3; 16.2.a) e d) e 17.1
- o Os Estatutos do CSCAE, aprobados segundo o Real Decreto do Ministerio de Fomento número 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior.
- o O vixente Código Deontolóxico dos Arquitectos, aprobado pola Asemblea Xeral do Consello Superior o día 20 de novembro de 2015 e que entrou en vigor o 20.11.2016. Modificado na Asemblea Xeral Ordinaria de 26 de novembro de 2021
- o A Guía de procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios nos Colexios de Arquitectos, aprobada pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno de 30 de novembro de 2001, con modificacións aprobadas pola Asemblea Xeral Común do Consello Superior de Arquitectos de España de 27 de novembro de 2009.

Para a consecución destes fins o COAG exerce entre outras, funcións de ordenación que eviten o intrusismo profesional, velando pola ética e a dignidade da profesión, tanto nas relacións mutuas entre Arquitectos, como nas destes cos seus clientes, á vez que exerce a potestade disciplinaria sobre os Arquitectos que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais como deontolóxicos.

Así mesmo e en virtude das modificacións legislativas das Leis ómnibus estatal e galega, que regulan a actividade dos Colexios Profesionais en aplicación da Directiva Comunitaria de liberalización do sector servizos, tamén é deber dos Colexios Profesionais resolver as queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos seus colexiados, tanto si se presentan por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun arquitecto, como a través de asociacións e organizacións de consumidores e usuarios en representación ou defensa dos intereses destes, instruindo, cando cumpra e por parte dos órganos colexiais competentes, os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios.

Para apoiar e asistir, en maior medida, o labor do Colexio de Arquitectos nestes fins e funcións, a Xunta de Goberno, no seu día, na súa Sesión n.º 4/2012 de 26 de marzo de 2012, considerou oportuno o establecemento e posta en marcha do SERVIZO DE DEONTOLOGÍA COLEXIAL.

Posteriormente e segundo acordo da Xunta de Goberno nº 14/2012 de 5 de novembro de 2012, aprobouse o Regulamento que o ordena.

Segundo ese mesmo acordo, e de acordo o artigo nº 3, o responsable da Xunta de Goberno na área da Comisión Deontoloxía e Asuntos Profesionais, tras as eleccións de 27 de maio de 2019, o servizo organizouse da seguinte forma:

- o Responsable: Antonio Davila Alonso (vogal de Vigo)
- o Persoal do Colexio de apoio: Alberto Escobar Molinero

Todo iso co apoio da asesoría xurídica colexial.

Tal e como di o apartado 2 do artigo 10 do Texto consolidado da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, desde o ano 2012 o COAG na páxina web corporativa colexial, conta cun apartado para este servizo, onde está aloxado o propio Código e o Regulamento do servizo. Ver: <http://portal.coag.es/deontoloxia/>

Ademais segundo establece o artigo 11 do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais nos seus apartados, c) e d), a continuación achégase:

- o Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzaron firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta si é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- o Información agregada e estatística relativa as queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, si é o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

● INFORMACIÓN ESTADÍSTICA

No ano 2021 este Servizo realizou a actividade que se concreta, sucintamente en:

POR EXPEDIENTES INFORMATIVOS (*)

Abríronse **16 novos asuntos**. Deles foron:

| | | |
|----|--|----|
| 1º | De consideración previa do servizo | 01 |
| 2º | De inicio | 15 |
| 2º | De proposta de resolución | 15 |
| 3º | De proposta dacordo á Xunta de Goberno | 10 |
| 4º | Pendente resolución (en trámite) | 02 |
| 5º | Pendente acdo Xunta de Goberno | 00 |
| 6º | Nomeamento de instrutor ou en instrución | 02 |
| 7º | Recursos aos acordos de Xunta de Goberno | 01 |

POR COLEXIADOS AFECTADOS (*)

Foron afectados **14 colexiados** e outros 2 sen identificar. Deles:

| | | |
|----|-----------------------------|----|
| CO | Da delegación de Coruña | 01 |
| LU | Da delegación de Lugo | 04 |
| OU | Da delegación de Ourense | 04 |
| PO | Da delegación de Pontevedra | 02 |



| | | |
|-------------|----------------------------------|----|
| VIN | Da delegación de Vigo | 03 |
| SA | Da delegación de Santiago | 00 |
| FE | Da delegación de Ferrol | 00 |
| S/I | Sen identificar polo denunciante | 02 |
| Ou/Co as | Doutros COA's | 00 |

POR TIPO DE SUPOSTA INFRACCIÓN DEONTOLÓXICA (*)

Foron identificadas **20 supostas infraccións** tipificadas en 11 **tipos** do nomenclátor do Código Deontolóxico do CSCAE. Delas por:

| | | |
|------|--|----|
| 2.01 | Coñecemento do Código Deontolóxico | 02 |
| 2.02 | Achega de datos relevantes en exercicio das funcións colexiais | 03 |
| 2.04 | Colisión de intereses e incompatibilidades | 01 |
| 2.05 | Concorrenza con arquitectos ou outros profesionais | 02 |
| 2.07 | Instrusismo | 01 |
| 2.08 | Substitución temporal ou definitiva nun traballo profesional | 01 |
| 2.13 | Propiedade intelectual | 01 |
| 3.05 | Desenvolvemento da prestación de servizos. Dedicación e honradez | 06 |
| 4.02 | Elaboración de peritaciones, ditames e tasaciones | 03 |
| 5.02 | Exercicio da crítica | 01 |
| 5.03 | Desempeño de cargos colexiais | 01 |
| | Sen identificar | 01 |

POR LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA (*)

Foron identificadas actuacións que se vinculan con 10 **municipios galegos**. Deles:

| | | |
|----|---|----|
| CO | Da provincia dá Coruña (A Coruña, Santiago) | 02 |
| LU | Da provincia de Lugo (Lugo -2-) | 01 |
| OU | Da provincia de Ourense (Ourense -2-, San Cibrao das Viñas) | 02 |
| PO | Da provincia de Pontevedra (Tui, Barro, Vigo -2-, Silleda, Marín) | 05 |

POR TIPO DE DEMANDANTE (*)

As queixas responden ao seguinte desglose pola súa procedencia. Así:

| | | |
|------|--|----|
| I | Por persoa xurídica | 01 |
| II | Por persoa física | 10 |
| III | Por arquitecto colexiado | 04 |
| IV | Pola Administración | 01 |
| V | Por Comunidades de propietarios | 01 |
| VII | Pola Xunta de Goberno/Directiva do COAG ou pola organización interna | 01 |
| VIII | Por outros profesionais | 00 |

(*) Un mesmo expediente pode afectar á vez a diferentes aspectos, polo que o sumario dos diferentes apartados poden non ser concordantes, ou puido haberse iniciado ou rematado en ano anterior ou posterior.

- **ACORDOS E FIRMEZA**

Por tanto, en o ano 2020 a Xunta de Goberno colexial:

- Arquivou justificadamente, ou se mediou para a súa resolución en 10 ASUNTOS
- Deles, en TRES casos abríronse DILIXENCIAS PREVIAS, nomeándose un Instrutor en cada caso.
- Neste ano NON se acordou remitir ningún asunto a FISCALÍA

- **INCOMPATIBILIDADES E POSIBLES SITUACIÓNS DE CONFLITO DE INTERESES**

Facer constar que de acordo o punto f) do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, manifestar que con respecto ás Normas sobre incompatibilidades e posibles situacións de conflito de intereses en que poidan atoparse os membros das Xuntas de Goberno, no ano 2021 producíronse DÚAS cuestións de posible conflito, nas cales se actuou segundo o artº 16.2.d) dos Estatutos colexiais, naquelas situacións de posible conflito de intereses dalgún membro da súa Xunta de Goberno

- **MODIFICACIÓN DOS CÓDIGOS DEONTOLÓXICOS**


Facer constar tamén que no ano 2021, se produxo unha modificación do Código Deontolóxico dos Arquitectos aprobado polo Consello Superior dos Arquitectos de España no ano 2015, en concreto polo acordado na Asemblea Xeral Ordinaria do CSCAE de 26 de novembro de 2021 .

INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS

Dentro das consultas telemáticas realizadas polos colexiados, están definidas as temáticas ás que se refiren. Realizouse unha análise das mesmas, especificando as reclamacións presentadas no ano 2021, que amosan os seguintes resultados:

| | |
|---------------------------|-----------|
| Problema COAG-Estudio | 4 |
| Documentación colexial | 5 |
| Configuración colexiación | 3 |
| Atención a colexiados | 1 |
| Problema facturación | 1 |
| Xestións externas | 2 |
| Coste de tramitación | 9 |
| Procedemento visado | 9 |
| Inscripción peritos | |
| Idioma | 2 |
| Inscripción web | 6 |
| Total | 42 |

No histórico dos últimos cinco anos, apreciase un descenso do número total de reclamacións:



AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

En 2021 a Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do COAG (AAPF) continuou coa súa actividade habitual, dentro do que permitiron as medidas de contención da pandemia, tentando proporcionar a todos os colexiados, membros ou non da Agrupación, soporte para o desempeño das funcións como arquitectos dentro do ámbito pericial.

Durante este ano, a Xunta Directiva da Agrupación estivo integrada polos seguintes membros:

| | |
|---|---|
| D. Carlos Alvira Duplá | Presidente, representante Delegación de Pontevedra |
| D. José Antonio Piñeiro Carrera | Tesoureiro, representante Delegación de Ourense |
| D. Fernando M. Taberner Duque | Secretario, representante Delegación de Santiago |
| D^a. Engracia Balayo Caamaño | Vogal en representación da Delegación d' A Coruña |
| D. Vicente Fernández-Couto Gómez | Vogal en representación da Delegación de Ferrol |
| D. César Jiménez López | Vogal en representación da Delegación de Vigo |
| D^a. Patricia López González | Vogal en representación da Delegación de Lugo |
| D^a. Alicia Romani Bóveda | Representante da Xunta de Goberno do COAG |

No exercicio 2021 son membros da Agrupación 191 colexiados, distribuídos segundo se indica:

| | | | |
|-------------------------------|-------------------|---------------------------------|--------------------|
| Delegación d' A Coruña | 54 membros | Delegación de Pontevedra | 30 membros |
| Delegación de Ferrol | 6 membros | Delegación de Santiago | 17 membros |
| Delegación de Lugo | 20 membros | Delegación de Vigo | 45 membros |
| Delegación de Ourense | 19 membros | TOTAL | 191 membros |

A Xunta Directiva levou a cabo tres reunións ao longo do ano natural. Dúas delas tiveron lugar na sede do COAG, en Santiago de Compostela, mentres que a primeira, de xeito excepcional, celebrouse en Vigo. Ademais dos asuntos de trámite, abordáronse os temas previstos nas respectivas ordes do día. De entre eles recóllense a continuación referencias a algúns dos debates que tiveron lugar, así como os acordos máis salientables adoptados nelas:

- Sesión 1/21
- 18 de agosto
- Vigo

Informa o presidente sobre as reunións mantidas pola Xunta Directiva da UAPFE, todas de xeito telemático, e os principais asuntos debatidos e acordos tomados.

Entre estes asuntos está a elaboración feita por el mesmo, xunto con don Julián Garasa, secretario da Unión, e representante nela da Agrupación de peritos do Colexio de Aragón, dun estudo dos honorarios dos

peritos en taxacións periciais contraditorias e procedementos de xustiza gratuíta, encargado a ambos pola UAPFE.

- Sesión 2/21 • 22 de outubro • Santiago de Compostela

Fálase das actividades, especialmente as de formación, que están na base da existencia da Agrupación e que, con motivo da pandemia e as súas medidas de contención, están totalmente inactivas dende hai moitos meses.

Informa o presidente das xestións iniciadas coa intención de complementar os esforzos formativos entre o Colexio e a Agrupación, en materias de competencia desta.

- Sesión 3/21 • 19 de novembro • Santiago de Compostela

En relación coas eleccións á presidencia da UAPFE, adoptáronse os seguinte acordos:

Solicitar á Decana que demandase do Secretario do CSCAE e da asesoría xurídica do Consejo que proporcionasen a documentación relativa á consulta efectuada dende a UAPFE sobre as eleccións que se ían desenvolver na Unión, tanto da formulación da consulta como das respostas evacuadas.

Certificar o apoio da nosa Agrupación á candidatura ao cargo de Presidente da Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España, de cada un dos candidatos que nolo solicitase. (Solicitárono os tres candidatos: dona Aránzazu Espinosa, don Gabriel Ibor e dona Anna Fabregat).

Pola súa banda o presidente, don Carlos Alvira, na súa calidade de representante da AAPF do COAG ante a Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España (UAPFE), e membro da Xunta Directiva da Unión, asistiu a seis reunións da dita Xunta Directiva, que se celebraron de xeito non presencial, excepto as dúas últimas, que o foron en Bilbao e Madrid, nas que se debateu e tomaron acordos con respecto a diversos asuntos, entre os que cómpre sinalar:

- Sesión CXXXIX • 9 de abril • Non presencial

Regularización da relación contractual entre a UAPFE e a editorial Wolters Kluwer.

Plan de formación: xornadas técnicas non presenciais, xa efectuadas e futuras.

- Sesión CXL • 11 de xuño • Non presencial

Organización das XIII Xornadas CGPJ – CSCAE en Bilbao, polo Colexio Vasco-Navarro.

- Sesión CXLI • 22 de xullo • Non presencial

Dedicatoria do libro da III edición do concurso de relatos en homenaxe ao recentemente falecido compañeiro don Joan Margarit.

- Sesión CXLII • 13 de setembro • Non presencial

Aprobación do programa das XIII Xornadas CGPJ – CSCAE de Bilbao.

- Sesión CXLIII • 3 de novembro • Bilbao

Aprobación da candidatura presentada polo Colexio asturiano para a celebración das XIV Xornadas CGPJ – CSCAE, que se celebrarán en Avilés o ano 2023.

- Sesión CXLIV • 17 de decembro • Madrid

Decisión de traslado ao mes de novembro do debate e aprobación dos presupostos da UAPFE no futuro, en consonancia co que se fai no CSCAE.

Elección de presidente da UAPFE, que gañou a representante da Agrupación de Castela e León Leste, dona M^a Aránzazu Espinosa Galindo. Foi a candidata pola que votou esta Agrupación, tomando en conta o seu talante conciliador, a súa actitude integradora e non excluínate, e o interese amosado por promover e facilitar a mellora da formación dos peritos.

Durante o ano 2021, entre os días 3 e 6 de novembro, tivo lugar en Bilbao a celebración das XIII Xornadas CGPJ – CSCAE, ás que nesta ocasión acudiron cinco dos peritos que forman parte da AAPF do COAG, pero non asistiu ningún dos xuíces que exercen en Galicia.

Memoria de xestión económica da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses en 2021

Durante o ano 2021 ingresáronse por cotas de agrupados 5670 euros, e o total de gastos ascendeu a 3704 euros o que nos dá un balance positivo da actividade da Agrupación de +1966 euros no ano. Os gastos correspóndense ás viaxes necesarias do presidente da Agrupación a reunións da UAPFE, e á concesión aos membros da AAPF de axudas de asistencia ás XIII Xornadas CGPJ – CSCAE, desenvolvidas en Bilbao do 3 ao 6 de novembro de 2021.

Os ingresos por cotas de agrupados constituíron o único ingreso da Agrupación este ano, recadándose 1940 euros máis do presupostado. Presuposto que se elaborou á baixa dada a situación pandémica existente e, pese a elo, os agrupados responderon mellor do previsto.

No ano 2021 tíñase prevista a realización dun curso formativo. Dito curso non se levou a cabo por mor do terceiro estado de alarma, a causa da situación provocada pola pandemia da covid-19, que trouxo consigo restricións as reunións e imprevistos varios, que non fixeron posible a coordinación entre relatores e membros da Agrupación, restricións que se foron levantando ata chegar a actual «normalidade» na que estamos.

Na actualidade a principal actividade da Agrupación consiste en reunións virtuais e presenciais, buscando un cambio con respecto á práctica habitual, potenciando outro tipo de cursos formativos a distancia mediante o uso de novas tecnoloxías en colaboración coa UAPFE e ASEMAS, e colectivos vinculados á práctica pericial principalmente, axudando á difusión de todos os cursos formativos que se realizan relacionados coa práctica pericial.



DELEGACIÓNS

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

MEMORIA DE XESTIÓN 2021

DELEGACIÓN DA CORUÑA DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O presente documento ten por obxecto reflectir as actividades que se desenrolaron na Delegación da Coruña do COAG durante o ano 2021. Como ben é sabido, o ano que se rexistra veu marcado pola pandemia do SARS CoV-2, que derivou na implantación de medidas restritivas que continúan na actualidade, que afectaron e afectan ao normal desenvolvemento da actividade da Delegación, principalmente no que se refire a actividades presenciais. Non obstante, o resto de funcións de la Xunta Directiva continuaron, e as súas actuacións son as que se reflicten a continuación:

Composición de la Xunta Directiva:

A Xunta Directiva de la Delegación de A Coruña está formada, na actualidade, polos seguintes membros:

Presidente: D. Roberto Costas Pérez

Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández

Tesoureira: D^a. Xulia Álvarez García

Resumen xeral do ano:

Salvo as restricións á presencialidade nos actos na Delegación, a Xunta Directiva estivo presente en temas de actualidade no mundo da arquitectura y o urbanismo, principalmente en redes e prensa, poñendo en coñecemento das Administracións os temas que atinxen á nosa profesión. A través das súas reunións semanais, a Xunta Directiva, foi tramitando outros asuntos intrínsecos ao día a día do Colexio, que no se reflicten na presente Memoria. En la relación co Colexiado, foise dando cumprida conta dos acordos tomados nas Xuntas de Goberno e Xerais aos nosos colexiados/as.

Canles de información:

La Xunta Directiva empregou, tanto para as actividades propias como para a difusión de temas vencellados á arquitectura, as seguintes canles de comunicación cos seus colexiados/as:

- Circulares: 2.
- Anuncios: plataforma *Mailchimp* (18 comunicacións aprox.).
- Redes sociais *Twitter* (3395 seguidores) e *Facebook* (2185 seguidores).
- Prensa e radio: varios artigos de opinión e entrevistas publicadas en periódicos e estacións de radio. En total, 16 intervencións en prensa e cinco na radio.

Actividades de organización colexial:

- Xuntas ordinarias (Delegación) del 10 de maio e 25 de novembro de 2021.

Xestión del patrimonio:

- A Xunta directiva, con participación na CCPP nos edificios de c/Alfonso VII e Pla y Cancela, onde se atopan os locais de arquivo, está presente nas reunións que se están a producir co callo da instalación de ascensor nesas comunidades, en tanto iso afecta á superficie dos baixos dos mesmos.
- Por outro lado, vense de liberar a parte superior das oficinas da Delegación, para os que se continúa na procura dun novo arrendador.

Representación Institucional:

- Reunións varias co Concelleiro de Urbanismo e Vivenda da Corporación do Concello da Coruña, nas que se trataron temas relacionados coa solvencia exixida en los concursos e outros asuntos relacionados con estes, as atribucións profesionais nos cambios de uso a vivenda e los criterios de interpretación do RyAPXOM y PEPRI.
- Pertenza á Mesa polo Desenvolvemento Urbano Sostible (Edificación) do Concello da Coruña (2 reunións).
- Pertenza á Mesa de Movilidade do Concello da Coruña (2 reunións).
- Pertenza ao Grupo de Traballo de humanización e accesibilidade (1 reunión).
- En relación co Grupo de Traballo de Xestión da Circulación, a representación colexial causou baixa, tal e como se remitiu en comunicado aos colexiados, polos motivos expostos no mesmo.

Defensa da profesión e a legalidade:

La Xunta Directiva ha realizado el seguimiento dos concursos convocados na área da Delegación, estudando los pregos e, nos casos que así lo requiriron, solicitando modificacións e/ou aclaracións a eles co fin de garantir os intereses de la profesión.

- Traslado directo a la Xunta de Goberno do COAG da recompilación de observacións e comentarios ás Normas do Hábitat en materia de Vivenda (NHV) realizadas polos colexiados da nosa demarcación (18 aportacións, 18/01/2021).
- En relación coa praxis profesional, a Delegación da Coruña segue a insistir na regulación clara das competencias das profesións que regula a Ley de Ordenación da Edificación en todas aquelas Administracións que puidesen ter tramitado expedientes que –a xuízo do COAG- non se atopasen claramente xustificadas, tal e como se expuxo en distintas Xuntas de Delegación.
- Interposición ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de recurso contencioso contra a aprobación da "*Instrucción del Servicio de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística para delimitar las Competencias Legales de los Arquitectos Técnicos y Arquitectos para Proyectar Obras para Cambios de Uso en Edificios Existentes en la tramitación de las Licencias Urbanísticas (4/5/2021)*".

Actividades de formación e difusión:

As actividades de formación e difusión de produtos técnicos se realizaron en coordinación coa Sede colexial a través dun calendario compartido, recolléndose nun agregado común na Memoria de Xestión. A nova

distribución das instalacións da Delegación, trala reforma, facilitou enormemente a convivencia de actividades simultáneas nas instalacións, que se viron diminuídas pola situación comentada.

Actividades culturais:

- Día Mundial da Arquitectura (Semana Mundial da Arquitectura, 4-8 de outubro de 2021). Presentación da iniciativa coruñeANDO, para transmitir a arquitectura e la labor dos arquitectos entre a cidadanía, mediante rutas pola cidade da Coruña a través de edificios xeo-localizados e cun soporte literario baseado en información arquitectónica y apuntes periodísticos aparecidos en prensa, que nos trasladan á actividade do paseo, do camiñar, como medio para coñecer a cidade e a súa arquitectura, para propios e estraños.

Se trata dunha iniciativa con continuidade no tempo, aloxada no sitio web:

<https://coruneando.com/>

- Realización dos paseos guiados R1-Centro y R2-Ensanche con motivo da Semana Mundial da Arquitectura, cunha asistencia aproximada de 50 persoas en cada unha delas.

Otras actuacións:

- Plataforma de inter-operabilidade: se continúa a traballar para implementar a plataforma que permita o traslado e rexistro telemático dos expedientes visados en diferentes municipios da área de A Coruña, especialmente no Concello da Coruña, tras reunión mantida en decembro de 2020.

O Secretario da Xunta Directiva da Delegación de A Coruña do COAG,

Óscar Pedrós Fernández

A Coruña, 23 de abril de 2022.

DELEGACIÓN DE LUGO

1.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Delegación dende as eleccións do día **12 de maio de 2019**, está constituída por:

Presidenta da delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo:
D^a. CARMEN FIGUEIRAS LORENZO

Tesoureira de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo
D^a. MÓNICA FOLGUEIRA COBAS

Secretario de delegación e integrante da comisión de arquitectura e territorio do COAG Lugo:
